

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, V

(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Cartas de Ramón Piñeiro

a

Ricardo Carballo Calero

Edición de:

Luís Alonso Girgado

María Cuquejo Enríquez

Carmen Fariña Miranda

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria:

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística:

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Ilustración da cuberta:

BALDO RAMOS

Imprime:

Gráficas ATV

ISBN:

XX-XXX-XXXX-X

Depósito Legal:


C-XXXX-XXXX

ÍNDICE

1. De *A xente da Barreira* á transición democrática, por
Luís Alonso Girgado.11
2. Cartas de Ramón Piñeiro.21

Agradecementos

Agradecemos ao profesor Armando Requeixo a súa información, que nos permitiu localizar este conxunto epistolar de Ramón Piñeiro. Grazas tamén ao Parlamento de Galicia, que custodia os orixinais das cartas na súa “Biblioteca Carballo Calero”, onde están ao dispor de estudosos e investigadores.



Ramón Piñeiro López (1915 - 1990)

***1. De A xente da
Barreira á transición democrática***

No ano 1950 a sociedade editorial dos Bibliófilos Gallegos, que nacera o ano anterior en Santiago de Compostela, outorgaba o seu I Premio de Novela á obra titulada *A xente da Barreira* do profesor ferrolán Ricardo Carballo Calero. O xurado do premio, presidido por Ramón Cabanillas e integrado por Otero Pedrayo¹, Francisco Fernández del Riego ou Borobó entre outros, distinguía, entre as oito finalistas, a única escrita en galego. Esta circunstancia, a de “ser a única das presentadas que estaba escrita en galego” é subliñada por Ramón Piñeiro na súa carta de felicitación ó gañador (24-IV-1950), na que considera “o trunfo persoal” do seu amigo como “un podente aturuxo que pregoa o rexurdir das letras galegas”. Os sinais dese rexurdir semellaban evidentes, por fin, nos anos de tránsito das décadas 1940-1950: a creación de sociedades editoriais como Galaxia ou Monterrey (ademais da citada dos Bibliófilos Gallegos), a colección Benito Soto de poesía, as revistas *Alba*, *Mensajes de Poesía*, *Aturuxo* ou o Suplemento del Sábado de *La Noche*, os primeiros pasos da Colección Grial e o retorno ó emprego do galego en novos títulos de Aquilino Iglesia Alvariño, Fole, Cunqueiro ou Carballo Calero foron algúns deses sinais.

Coa apertura da segunda metade do século comeza, xa que logo, a relación epistolar Ramón Piñeiro-Carballo

¹ O veredicto do xurado produciuse o día 22 de abril de 1950 en Santiago. Otero Pedrayo, membro do xurado, escribía a Ramón Piñeiro confesándolle que ó remate da votación sentira “unha das grandes ledizas da miña vida” (Vx. Carta II).

Calero, aínda que xa se coñecían tempo atrás, en Lugo, nos anos da República, de acordo co testemuño do ferrolán, que, en todo caso, conservou ordenadas e en perfecto estado as cartas que lle enviaba Piñeiro e que hoxe forman parte da “Biblioteca Carballo Calero” do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela. Con independencia de que puideran aparecer máis mostras deste epistolario de Ramón Piñeiro a Carballo Calero, o material que agora ofrecemos, con escrupuloso respecto ós orixinais polo que atinxe á transcripción, posúe as seguintes características:

Trátase dun conxunto de 49 cartas. A súa cronoloxía vai do ano 1950 (24-IV-1950 é a data da primeira) ata 1977 (a derradeira ten data de 5-III-1977). A súa extensión en xeral é breve, aínda que existen tres ou catro que podemos considerar longas, sen chegar, desde logo, a amplitude das misivas epistolares que aparecen reunidas en *Olladas no futuro* (1974). A secuencia temporal destas cartas é certamente irregular polo discontinua e isto é claro se repasamos as datas. Temos entón: 3 en 1950, 3 en 1951, 1 en 1960, 10 en 1961, 10 en 1962, 8 en 1963, 9 en 1964, 4 en 1965 e 1 en 1977. Son, pois, os anos 1961-64 os de máis intensa e frecuente comunicación. Aínda que fora Galaxia o terreo de encontro común, son ben poucas as cartas datadas na primeira década da xeira da editorial. No entanto a correspondencia faise moito máis habitual cando Carballo Calero traballa na súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) e na *Gramática elemental del gallego común* (1966), que verán a luz en Galaxia, ou cando colabora en *Grial*, que comezaba a súa andaina en 1963.

O lector ten, na súa integridade, o texto de todas e cada unha destas 49 cartas. Despois de máis dunha

relectura non advertimos ningunha referencia á intimidade de ninguén nin xuízos de valor que puideran afectar a persoas ou institucións. A natureza dos asuntos que aquí se tratan é, sempre, intelectual, cultural ou especificamente literaria; a única excepción a esta norma é a derradeira comunicación (5-III-1977), de carácter político e significado reivindicativo e nacionalista. O texto desta carta (que non é tal, en realidade, pois se trata dun manifesto asinado en grupo, fóra da confidencialidade e da individualidade da carta habitual) asinada por un grupo de persoeiros do galeguismo, foi daquela publicado pola prensa galega e polo tanto é hoxe un ben coñecido documento. Tampouco consideramos, despois de publicados varios libros de entrevistas² e memorias³ dos protagonistas, que a cancelación de antecedentes penais⁴ (feito que está documentado en cartas de 1962) teña nada de íntimo ou secreto a estas alturas.

Seguramente os potenciais lectores deste atraente *corpus* epistolar terán un coñecemento contexto-situacional que evitará calquera sorpresa ou novidade. Piñeiro, en efecto, está na súa liña de labor por e para

² Un puntual percorrido biobibliográfico e de época é o que desenvolve Carballo Calero nos libros de conversas de M. A. Fernán-Vello / F. Pillado Mayor, *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Barcelona: Sotelo Blanco, 1986; Carmen Blanco, *Conversas con Ricardo Carballo Calero*, Vigo: Galaxia 1989 e Franciso Salinas Portugal, *Voz e silencio: entrevista con Ricardo Carvalho Calero*, Vilaboa (Pontevedra): do Cumio, 1991.

³ Nas memorias de Ramón Piñeiro hai tres referencias —mínimas e circunstanciais— a Carballo Calero. Vx. Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza*, Vigo: Galaxia, 2002, pp. 65, 110 e 115.

⁴ Vx. as cartas de 1-VI-62 e 1-III-63.

Galicia no terreo dunha activa política cultural de galeguización, política cultural na que el xogou un moi activo papel de promotor, intermediario, informante, animador, axudante ou estratega. Home temperado, pouco proclive ós extremismos, Piñeiro amosa nestas cartas fe, entusiasmo, esperanza nunha Galicia mellor que vai superando carencias, atrancos e tópicos distorsionantes. Velaquí, xa que logo, un novo capítulo da historia e intrahistoria cultural galega que precisa, confirma ou enriquece feitos e cousas xa sabidas, pero agora analizadas, comentadas ou valoradas por un protagonista e vixiante testemuña do seu tempo.

Quizais sexa innecesario dicir que Piñeiro e Carballo Calero non mantiveron unha amizade fonda, non foron íntimos amigos. Mantiveron, iso si, unha cordial —moi cordial— e respectuosa relación persoal⁵ e defenderon intereses e valores comúns, pero as referencias mutuas son sucintas alusións feitas de pasada. Lugo primeiro e Compostela despois foron os ámbitos dunha relación da que ía falar Carballo Calero⁶:

Eu creio que a Piñeiro tamén o coñecín
antes da guerra, pero antes da guerra el

⁵ No que atinxe á mutua atención á obra escrita, Carballo Calero recensionou *A linguaxe e as linguas* de Ramón Piñeiro (*Grial*, nº 19, Vigo, xaneiro-marzo de 1968, pp. 102-103). Pola súa banda Piñeiro fixo o propio con *Sobre lingua e literatura galega* (*Grial*, nº 34, Vigo, outubro-dembro de 1971; pp. 503-504). Piñeiro amosa neste escrito unha fonda admiración por Carballo Calero, que é para el a primeira figura “como historiador e crítico da literatura galega” para sinalar a continuación que a súa *Gramática elemental del gallego común* “é a millor Gramática da lingua galega con que contamos deica hoxe”.

⁶ Camen Blanco, *Carballo Calero: Política e cultura*, Sada/ A Coruña: do Castro, 1991, p. 43

era moi novo e non nos debimos de relacionar moito, supoño que algunhas veces vindo eu a Lugo, porque me gostaba moito vir a Lugo, estaba moi a gusto coa familia da miña muller, e entón debín coñecer a Ramón Piñeiro algunha vez, pero xa se borrou da miña memoria o momento concreto. Despois da guerra, claro, trateino moitísimo, coincidimos moito, en Lugo, primeiro, nesta tertulia do Méndez Núñez, e despois, en Santiago, onde pasou el a viver. Eu ia entón a Santiago, xa estaba un pouco incorporado de novo á vida pública cultural, de maneira que me chamaban a dar conferencias e Piñeiro sempre viña a verme, se non era o que negociaba a miña visita. Logo eu vivín na mesma casa de Piñeiro, en Xelmírez 15, no piso inferior, pois mentres non trouxen á miña muller viña de Lugo certos días e entón se me facilitou, xentilmente, aloxamento, algunhas habitacións no piso que estaba baleiro nesa casa que é de Domingo García Sabell...

É doado advertir a admiración, o respecto, a moi alta estima que Piñeiro profesaba a Carballo Calero, de quen valoraba a súa seriedade, o peso do seu criterio, a súa capacidade de traballo, o seu prestixio. Cando do relacionado co seu traballo —docente e investigador— se trataba, don Ricardo nin permitía componendas nin renunciaba ós seus principios. Por iso non escatimou críticas e reticencias a algún aspecto da *Historia da literatura galega* de Fernández del Riego (Vx. carta de 6-11-1951). Pola súa banda, Piñeiro, estratega e moderador, positivo con calquera paso adiante, sen rexeitar os argumentos daquela crítica apunta xustificacións, perspectivas máis comprensivas, menos rigorosas. E desde logo, así como deixa caer máis dunha observación reticente sobre Risco e os

seus seguidores, non agocha, movido polo seu xeneroso amor a Galicia, un ilimitado entusiasmo cando un vello soño ou un proxecto longamente elaborado remata felizmente. Así, celebra e valora o groso volume da *Historia da literatura galega contemporánea* que coa tinta fresca aínda, ten nas mans como se dunha xoia se tratase:

Resulta confortador, fondamente confortador, que xusto ós cen anos de teren aparecido os “Cantares Gallegos”, pódase escribir unha obra como esta; ¡Cómo se estremecerán de gozo as cinzas de Rosalía e de Murguía!... Acabamos de dar, meu querido e admirado amigo, un paso cultural firme e importante... Dá xenio ollar este precioso libro...

Por unhas ou por outras razóns desfilan por estas liñas amigos e coñecidos dos interlocutores: Fole, Otero Pedrayo, “Cilistro” Fernández de la Vega, Fernández del Riego, Cunqueiro, Filgueira Valverde, Risco, Arcadio López-Casanova, Xohana Torres, Díaz Pardo, Machado da Rosa, Tomás Barros, Rodrigues Lapa, Basilio Losada, Sixto Seco, Borobó, Eugenio Montes, Fermín Bouza Brey, Varela Jácome ou Rafael Dieste por non citar máis. Paralelamente, e mentres asistimos o ceremonial cotián da vida cultural (publicacións, presentacións, conferencias, viaxes, premios literarios, colaboracións na prensa, etc.) están a se deseñar unha serie de motivos que en síntese, e de acordo coa xenerosa extensión do tratamento que reciben nas distintas cartas, podemos catalogar da seguinte forma:

- 1) Éxito de *A xente da Barreira* (1951), que terá dúas edicións posteriores (1982 e 1984 respectivamente) con notables cambios na grafía.

- 2) Valoracións e comentarios suscitados polas historias da literatura galega⁷ de Fernández del Riego (1951) e Carballo Calero (1963). Futura publicación da *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero (1966).
- 3) Creación —anos 1963-64— da sección de Románicas na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela e dotación das cátedras de Lingüística Románica e mais Lingua e Literatura galegas.
- 4) Primeiros pasos da *Colección Grial* (1951) e nacemento de *Grial* (1963).
- 5) Referencias espaxadas a distintos libros de Carballo Calero e a diferentes publicacións de Galaxia, en particular o *Diccionario* de Eladio Rodríguez González.

Outras cuestións de menor interese, certamente circunstanciais, tampouco pasan desapercibidas, pero non entraremos agora na súa referencia. Por fin, a xeito de epílogo, temos a carta co que nos primeiros intres da etapa democrática (pouco antes das primeiras eleccións democráticas, celebradas en xuño daquel ano 1977) quixo abandeirar a defensa dos dereitos de Galicia e da súa condición de Comunidade histórica no contexto do Estado español. Co paso do tempo, Piñeiro ía evocar aqueles intres da transición política e as inquedanzas dos galeguistas na defensas dos intereses de Galicia tal

⁷ Cítase tamén a *Historia de la literatura gallega* de Benito Varela Jácome, publicada no ano 1950.

e como se reflicte nidiamente no manifesto da “Chamada aos partidos políticos de Galicia”.

Naquel ano 1977 a correspondencia entre Piñeiro e Carballo Calero levaba interrompida máis dunha década. Descoñecemos se, con posterioridade, houbo máis cartas entre eles, que ían finir os seus días, case simultaneamente, no ano 1900, en Santiago de Compostela.

Luís Alonso Girgado

2. Cartas de Ramón Piñeiro

I

Lugo, 24-4-1950

Meu querido amigo:

Xa te podes maxinar canta ledicia me produxo o fallo do “Concurso de novela gallega”. Foi unha dobre ledicia: pol-o trunfo persoal do amigo e pol-o trunfo comun —que así lle podemos chamar— das letras galegas; despois do resoante trunfo académico de Otero o teu trunfo literario veu a ser coma un podente aturuxo que pregoa o rexurdir das letras galegas. E así foi como o entendeu a xente, pois moitos que non te conocen persoalmente mostrábanse moi satisfeitos do resultado do concurso “por ser a única das presentadas que estaba escrita en galego”. Entre os que te conocen foi unanime a alegría, mesmamente como si foras d-eiquí e viviras eiquí decote.

Fai un mes estivo en Lugo Alvaro Gil e xa me anunciou as primeiras impresións que tiña recolleito do Cabanillas e do Otero. Tamén falamos do asunto de Magoi —ou Fingoi, que inda non teño comprobado a cal pertence o edificio— e mostrouse ausolutamente confiado en que a cousa chegue ó final. Dentro de unha semán conto co-il, co Cabanillas e co Penzol, que os tres me teñen anunciada a visita para primeiros de mes. No caso de que recolla algunha nova impresión encol do asunto xa che comunicarei.

De volta de un viaxe que fixen a Ourense e á miña casa atopeime co teu libro “Trinitarias”. Demoreime en acusarche recibo porque decidin agardar o fallo de “Bibliófilos” co-a esperanza de poder ó mesmo tempo felicitarte como trunfador. Agora fólgome moito de podelo facer así.

Onte pasou por eiquí Cunqueiro camiño de Madrí. Díxome que xa lle publicaron na “Benito Soto” o seu libro “Dona do corpo delgado” e que lle anunciaron a inmediata publicación de un teu.

Xa temos autorización de Heidegger pra traducir ó galego un traballo filosófico seu e incluso trataremos de que lle faga, si pode ser, un prólogo especial. Así combataremos a lenda insidiosa de que “o galego soio sirve pra facer versos e pra falaren os labregos”. O teu trunfo tamén lles lembrará que sirve pra facer novelas.

Saúdos á tua familia e unha aperta pra ti de

Piñeiro

II

Lugo, 5-5-1950

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta o mesmo día que eu che tiña votado unha pra ti. Dínllela a ler a todol-os teus amigos.

Istes días estivo aquí o Cabanillas de camiño pra Samos. Tamén estiveron Álvaro e Milucho, que falaron con Fernández. Todo sigue igual que ti sabes, pois non modificou ningún elemento do plan que tiña trazado. Sigue pensando en que comence a funcionar no curso que ven.

Otero Pedrayo escribiume dous días despois do concurso de “Bibliófilos” e quéroche copiar un dos párrafos da súa carta: “Gran cousa fixemos o 22 en Sant-Iago dándolle a Carballo Calero o premio de Bibliófilos Gallegos. Con ser pra case todos a millor novela, había outras boas e certos perigos. Ó rematar as votacións co trunfo de “Xente da Barreira” sentín unha das grandes ledizas da miña vida”. Verbas parecidas díxome eiquí o Cabanillas, que estaba moi satisfeito do trunfo da tua novela.

Xa vexo que os de “Benito Soto” tamen se dispoñen a publicar axiña “Anxo de terra”, así que iste ano 50 vai a ser o da tua plena reincorporación a vida cultural galega.

O Anxel Xohan rematou a súa serie de sonetos galegos, que por certo che adica a ti.

Saudos á tua familia e unha aperta para ti do teu amigo

Piñeiro

III

Santiago, 22-5-1950

Meu querido amigo:

Onte viñeron algúns exemplares d-iste libriño de versos e como supoño que non-o conoces mándoche un exemplar. A historia do autor cicais a conozas xa: era de Tuy, foi músico en Vilagarcía e morreu tuberculoso en Buenos Aires, pol-o visto a causa da fame. A min gústame. Sin dúbida pertence á escola que ti denominaches de “poesía románica”. Ten un senso moi puro do idioma, cousa que che resultará grata.

O Bouza chegará eiquí a fins d-ista semán pra embarcar o día 5 de S. Xoán camiño de B. Aires. Vai a botar varios meses por aló, pois ten que arreglar non sei que choios hereditarios.

Xa salíu o libro de Cabanillas, que quedou ben editado. Tamén salíu o primeiro número da “Colección Grial”, que está editado con gran modestia con miras a facilitar a súa difusión con un precio módico. A Historia da Literatura Galega xa se está imprentando (en castelán) e Otero entregaranos no vran un libro de viaxes –o libro do seu viaxe á América– pra publicalo na colección literaria que inaugura Cabanillas.

O domingo fomos Á Cruña a facerlle unha visita a D^a Gala, que sigue vivindo na casa onde vivíu o pai. Alí hai cousas interesantes. A min impresionoume o despacho de Murguía, que inda o conservan tal como il o deixou. A sua mesa de traballo está aínda sin abrir. Non se

sabe que será o que ten nos caixóns, que están cheos de papeles. Tamén vin un retrato de Rosalía cando era moza recién casada que non se publicou nunca.

A novidade máis importante de por eiquí é que onte destituiron a Goñi da dirección do “Correo” e de “La Noche” por un artigo que publicou defendendo a liberdade de prensa.

Otero está tan animoso coma sempre. Anda a traballar na historia do XIX.

Supóñote enterado de que o Centro Gallego de Buenos Aires estableceu cinco premios anuais de catro mil pesos cada un. Tamen o de La Habana convocou tres premios de 500 pesos (que equivalen a 500 dólares) pra conmemorar o centenario de Curros.

Moitos saudos a María i-ás nenas e ti recibe unha aperta do teu amigo

R. Piñeiro

IV

Santiago, 31-5-1951

Meu querido amigo:

Ontes recibín a túa carta e onte mesmo tiveron ocasión de comprobar o que tiña ocorrido co traballo do noso

amigo Usero. Otero recibíuno i-entregoulo no “Derby” ó Borobó, que quedou en pubricalo n-aquiles dias. Agora ben, precisamente n-aquiles dias ocorreron na Redacción de “La Noche” varios acontecementos importantes que perturbaron a normalidade interna do xornal: marchouse o Landeira pra o Brasil (como foi en avión xa está enviando crónicas dende aló); morreulle a nai a Pola, o redaitor xefe, que con motivo da súa doenza estivo ausente un mes; destituiron fulminantemente a Goñi da dirección do “Correo” e máis de “La Noche” por mor dun artigo que publicou pedindo a liberdade de Prensa, destitución gubernativa, craro está, pois a Empresa conserva a Goñi como xerente. Como quedou o Borobó soio pra facer os dous xornás tivo que traballar de día e de noite e as cousas desorgaizáronse bastante, tanto que algúns artigos de Paco e d-outros colaboradores traspapeláronse. A mesma sorte correu o de Usero, que o Borobó non ten idea de donde o poñería. Con todo, agora que xa comenzan a ordear novamente as cousas non tardará en aparecer e xa o publican.

A segunda consulta que me fas, relacionada co Barros, trasladareina o domingo ós de Vigo, pois é case seguro que ise día vaia aló. Anticipareiche os datos que eu teño sobre iste asunto e que poden condicioar a resposta. Trátase de que cada número de “Grial” esteña consagrado fundamentalmente a un tema cultural galego. O primeiro foi mais ou menos filosófico, o segundo estará adicado “á Pintura galega”, o terceiro a Curros —coincidindo co seu centenario—, o carto a temas economico-sociás, etc. Cada un d-iles responderá, en principio, a un esquema previo de temas, que se lle irán encargando ós colaboradores máis relacioados co-iles. Xa se sabe que ista pretensión de rigor sistemático non se

acadará totalmente, porque a xente non gosta moito de axustarse a tal maneira de facer as cousas, pro na medida en que seña posibel faremos por levar así as cousas. Agora ben, o número 2, está como che dixen, adicado precisamente á nosa pintura. N-ise número xa se estuda a pintura de Díaz Pardo, xunto co-a dos outros cinco compañeiros que concurrirán co-il á exposición colectiva do Centro Gallego de Buenos Aires (Laxeiro, Maside, Minguillón, Pesqueiras e Prego). Pra facer iste estudo tivo que se trasladar a Vigo o amigo Anxel Xohan, que é o crítico a quen se lle encomendou iste traballo —o fundamental, xunto con outro de Maside, do número 2—. Ademais de que se estude a pintura de Díaz Pardo, xunto ca dos outros cinco, o propio Díaz Pardo espón as suas opinións en col da pintura galega “e da sua estética persoal”. ¿Non che parece que mentres non pase certo tempo sería un pouco raro insistir en tratar da “pintura de Díaz Pardo”? O que ti persigues é moi interesante —atraguer á xente nova de valía— e todos coincidimos no mesmo empeño: Paréceme que no caso do Barros, de cuia valía non dubido pol-as cousas que ti me tes dito dil, poderíase enfocar d-iste xeito: si il está en París como sospeitas, cando leve ahí algún tempo e se teña orientado por aló pódesele pedir algunha nota sobre o movemento pictórico en París ou sobre algunha cousa de por alí que resulte interesante para a seición europea de “Grial”. Máis ben notas que traballos longos, pois co-ista xente nova compre ter algo de precaución porque adoitán a ter uns criterios que non sempre coinciden co que nós nos propoñemos facer. Por exemplo, as opinións poéticas do mesmo Barros, tendo en conta os xuicios que che manifestou en col dos libros de “Benito Soto”, non deixan de ser un pouco raras (pol-o menos na parte que eu conozo). Naturalmente que istas cousas que che digo

son puros comentarios persoales. Eu falareilles en Vigo do asunto e logo xa te informarei.

Non me asombraron moito as anomalías que se produciron no Concurso lugués. A xente ten uns hábitos de obrar pouco severos.

Celebro que esteñas entregado á actividade literaria. A novela que escribiches agora paréceme extraordinaria, a xuzgar pol-os datos que me das. Eu nunca escribín ningunha e teño lido moi poucas, así que a miña iñorancia e case absoluta n-istes problemas. Por ista razón espero que non te rías de min por ista pregunta que se me ocorre facer: ¿Pódese escribir unha “verdadeira novela” en tan pouquiño espacio?. Volto a insistir na miña total impericia e na sinceira inxenuidade da miña pregunta.

Estou conforme co reproche que lle fas ó primeiro número de “Grial” en canto á inconveniencia de incluír varios traballos de un mesmo autor. Eu mesmo son un dos responsables de tal falta. E pódoche asegurar que xa participaba da mesma opinión deantes de que se dispuxese o número. Foron máis ben motivos de tipo concreto os que diron lugar ó fallo. Ten en conta que nos vimos precisados a improvisar metade do número “en catro días”. Por outra banda, como aspiramos a que salia un número cada tres meses, axiña se verá que non hai tal pobreza de colaboradores porque todos irán desafiando oportunamente. As ouservacións que ti fas e as que fixeron outros amigos son moi interesantes para ter en conta nos números sucesivos. As impresión que levamos recollido son espléndidas. A xente acolleu “Presencia de Galicia” con sorpresa e con entusiasmo. Recibíronse

moitas cartas, algunha dende París, manifestando unha alentadora adhesión. Por curiosidade direiche que un dos que se quedaron fondamente impresionados foi o propio Euxenio Montes, que axiña dixo que il tiña un poema longo adicado a Rosalía.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

V

Santiago, 30-10-1951

Sr. Don Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido amigo:

Supóñote moi atafegado co-a posta en marcha da Academia e mais co-a mudanza de casa, que istes dias andaredes co-ila.

O domingo fixo oito días que se celebrou eiquí a xuntanza do Consello de Administración de Galaxia. Asistiu tamén Cabanillas, como segredario do Consello Asesor. Acordaron que se celebre a Xunta Xeral de aicionistas o día 29 de Nadal en Pontevedra, que é o día que se celebrará o ingreso de Iglesias Vilarelle na Academia Gallega (xa sabes que agora vai a Academia a recibir ós académicos no seu lugar de residencia) e con tal motivo acudirán alí bastantes aicionistas de Galaxia.

Encomendáronme a min que celebre unha xuntanza co Consello Asesor para preparar un programa de edicións que será despois sometido á aprobación do Consello. Eu penso incluír aquí un libro do que xa temos falado ti e mais eu: A “Historia da Lírica Galega Moderna”. Como non supón un compromiso a prazo fixo e como contarías co-a nosa axuda pra procurar o material bibliográfico que che fose preciso, supoño que non desistirás de facelo.

Xa salíu a “Historia da Literatura Gallega” de Varela Jácome. Ten 470 páxinas pouco mais ou menos, así que é bastante extensa. Incluí a cantos escritores naceron en Galicia fose cal fose a língua empregada.

¿Fíxechesme a nota crítica encol do Pastor Díaz? Non te esquezas de ma enviar canto antes poidas.

O Cabanillas irá para Madrid dentro de poucos días. O sábado pasará por eiquí de camiño para a Coruña, onde collerá o tren pra Madrid.

O Bouza chegou fai dous días eiquí a Santiago, pro eu inda non-o vin.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

VI

Santiago, 6-11-1951

Querido Ricardo:

Recibín o teu comentario sobre Pastor Díaz, que estimo moi ouxetivo. Así deberán ser no sucesivo todos os comentarios que se fagan en “Grial”. D-isto xa falarei contigo na primeira oportunidade que teña de ir a Lugo, que supoño será axiña.

Agradézoche moito a franqueza de xuício ó falar, con motivo das recentes “Historias da Literatura”, da errónea orientación das editoriais. Como n-unha d-elas cábeme unha responsabilidade parcial de orde “orientador”, e como o teu criterio, en materias de literatura, é para min respetabilísimo, sinto certa necesidade xustificativa. Dende logo, a min paréceme inxusta a depreciación tan radical que se fai por algunha xente do “Manual de Historia da Literatura Gallega” que publicou “Galaxia”. Cónstame que, n-algúns casos, o xuício negativo vai máis dirixido contra o autor que contra a obra mesma. E isto por motivos moi diversos e non todos aceptábeles. Naturalmente que o caso teu é completamente distinto, posto que ti eres da casa e non te move mais preocupación, como decote nos teus xuícios, que a pura ouxetividade. Penso, n-embargantes, que é un problema de nivel. Ti querías unha “Historia” que fixese unha valoración fina e cabal da nosa evolución literaria. A min tamén me gustaría, mais comprendo que no estado aitual dos nosos estudos literarios non se pode pretender iso n-un Manual de divulgación como son os

manuales de Galaxia. O manual de “Historia de Galicia” que está a preparar Risco é, do mesmo xeito, unha exposición descriptiva dos feitos. Non son libros para especialistas senon para o público vulgar que carece de instrumentos informativos sinxelos sobre os distintos aspectos da cultura galega e compre poñelos ó seu alcance. ¿Tan lonxe está d-ista finalidade o “Manual” que escribiu o del Riego? A min paréceme honradamente que non está tan lonxe. Aínda máis: coido que hoxe en día é o que millor cumpre esa finalidade introductoria. Repito que me cabe certa responsabilidade na súa publicación, mais tranquilizouse un pouco a conciencia —abatida por tantas críticas— o xuício de certas persoas con calidade inteleitoal e literaria superior á miña que comparten a mesma opinión. Así, por exemplo, Rafael Dieste, que ademais pediu exemplares para a Universidade de Oxford. E Rodrigues Lapa, cuio rigor e independencia de criterio está ben acreditado. O que ocorre é que estes e outros con iles coincidentes valoran o libro tendo en conta “o que é”, o que “se propón ser” e non dende o punto de vista “do que debería ser”. Faltan aínda moitos estudos críticos sobre figuras, períodos e sobre tendencias da nosa literatura pra poder facer un Manual sintético de divulgación que seña, ó mesmo tempo, unha perfecta táboa de valores das nosas letras. Calquera que se poña a facer unha historia xeneral da nosa literatura con isas pretensións —chámese Aquilino ou chámese de outra maneira— deberá pasar varios anos estudando primeiro toda a nosa literatura dende os comezos medievais deica hoxe. O Filgueira leva 25 anos traballando na materia e aínda se non estreveu a facela. Cousa distinta é o dispoñer orgánicamente os datos que se saben sobre a nosa literatura n-un manual informativo.

A laboura crítica compre facela con mais calma e parcialmente. Urxe, n-embargantes, acometela. E aínda che vou a decir máis: urxe que a acometas tí. Dígocho eu e coido que cho podó decir, pois considérome bastante capaz de pensar as cousas ouxetivamente. Estou convencido de que hoxe en día é Carballo Calero o único que pode facer unha valoración da nosa literatura, pol-o menos da contemporánea, de acordo co-as aituales eisi-xencias críticas. Folgaríame moito, moitísimo, de que ti o comprenderas así. Pol-o de pronto déchesme unha inmensa alegría ó non desbotar a suxerencia d-ise libro encol da lírica galega moderna. Os materiás e o tempo que precisés sería todo bó de arranxar.

Non preciso de che decir que as longas considera-cións que che fixen sobre a “Literatura” publicada por Galaxia non responden pouco nin moito a suspicacia algunha. A min agradoume a tua sinceridade ó espre-sarme o teu xucio e non fixen mais que decirche, co-a mesma sinceridade, todo o que eu penso. Ben sabes que non son tan parvo como habería que ser pra entender mal o teu xucio ¿Non é verdade, meu amigo?

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D: Xa puxeron á venda a tradución que fixo Aquilino dos “Carmina” horaciáns. Costa 45 pts. Paréceme algo cara.

VII

21-V-60

Querido Carballo:

Escribinche hai dous dias a Fingoy pro temo que non chegase a carta antes de ti saires prá Coruña. Nela decíache que o discurso de Murguía en Tuy teno o Naya, así como varias das cousas que che interesan. Fala co il.

A lista dos números de LAR que eu teño é a seguinte:

L. Pita Romero – “O anarquista”

Aurelio Ribalta – “O Pastor de Doña Silvia”

Álvaro de las Casas – “O xardín do Castelo de Vidre”

Vicente Risco – “O lobo da xente”

Armando Cotarelo – “Contos de Nadal”

R. Otero Pedrayo – “Pantelas, home libre”

R. Otero Pedrayo – “Escrito na néboa”

F. Bouza Brey – “Cabalgadas en Salnés”

Uxío Carré Aldao – “A terra chama”

Felipe Fdz Armesto – “Xelo, o salvaxe”

L. Amado Carballo – “Os probes de Deus”

Tiven varios máis: “O vigairo”, de Filgueira; “A coutada”, de Risco; “A miña muller”, de Fernández Flórez; “Buserana”, de L. Abente; “O Kalivera 30 H.P.”, de Magariños, pro fun quedándome sin eles en distintas ocasións. De todolos xeitos ten que haber varios que os conserven todos.

Estou totalmente de acordo contigo en que, fora da primeira etapa, non ten senso ningún perder tempo e traballo en esgotar a lectura de canto se publicou en

galego. Sería un esforzo tan penoso como inútil, porque hai moitas cousas que carecen en absoluto de valor literario. Ademáis de infecundo, sería inxusto adicar a mesma atención ó que val i ó que non val.

Unha aperta moi forte de

Ramón Piñeiro

Como penso ir á inauguración da exposición do Círculo, supoño que te verei ahí o martes.

VIII

Compostela, 21-II-61

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta á volta dun viaxe que fixen a Madrid. Cando vexa ó marqués de Figueroa pedireille ises datos do seu antecesor e xa chos mandarei.

En Madrid díxome Martínez Barbeito que Leal Insua se trasladaba pra alí e que deixaba o “Faro”. Polo visto non xeirea ben coa empresa.

Os da Academia semella que entraron nunha fase de gran aitividade. Eiquí estiveron un día a visitar a todas as autoridades. En xeneral acóllenos ben. O Moralejo e mailo Rabanal quedaron moi ledos de que lles pediran a súa asistencia a unha das xuntanzas que tivéstedes recentemente.

Onte estiven en Ourense a escoitar unha interesante conferencia de Rof Carballo. Por alí andaba Don Ramón coa súa teimosa e un pouco aburrida trécola de que il é un fantasma que está desaparecendo. É boa pena que non teña máis dominio de sí mesmo.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

IX

Compostela, 23-III-61

Sr.D. Ricardo Carballo Calero
Fingoy

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Envíoches o libriño de Ribalta que me pides. En canto vexa ó Aquilino lembrareille a promesa que che fixo e sin duda facilitará o libro.

Dende hai un par de anos van sendo frecuentes e insistentes as presións amistosas pra que prepare un libro. Impresionáronme bastante os requerementos dos rapaces por esa simpática e xenerosa vehemencia que poñen nas súas demandas. Tamén me impresionaron, como é natural, as consideracións que en tal senso me teñen feitas algúns amigos moi respetados por min. Pero conféseche que ningún requeremento se cravou tan

fondo no meu ánimo como o que hoxe recibín na tua carta. A exemplaridade da tua propia conduta, por min moi ben conocida, ten para min unha forza moral suprema. Ninguén con máis autoridade podería marcarme unha tarefa. No meu sentir espontáneo, esa indicación tua ten a forza dun deber. E, craro está, como tal a acollo. Podes estar seguro de que farei por responder a ela da mellor maneira que poida. Como ti fixeches sempre.

Onte estiven escoitando a lectura do “Orestes” de Arcadio López-Casanova. Había moita xente. Foi un gran éxito. Si estiveras presente teríaste emocionado profundamente, como a min me pasou. O autor, que é caseque un crío, falou breve i elegantemente —en pulcro galego— antes de comenazar.

Mándoche tamén un recorte do “Anaco” que onte publicou o Borobó, no que precisa algún dato cronolóxico relativo a Rosalía.

Como irei ó homenaxe de Cunqueiro, axiña nos veremos.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

X

Compostela, 5-IV-61

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
FINGOY

Querido Ricardo:

Como andas ás voltas con Aurelio Ribalta e non sei si terás ou non esta obriña poética sua, mándochá para que a vexas. Si a tes, nada se perde. Si nona tes, pódela consultar. Eu atopeina hoxe mesmo. Nona tiña visto.

A “encuesta” literaria do PROGRESO vai acadando resoancias. Coido que foi boa idea levala adiante. Polo menos os lectores do xornal, que son bastantes, sacarán a impresión que a literatura e mais o idioma son tomados moi en serio por unha serie de xentes de reconocida solvencia. Tamén se vai poñendo de manifesto a presenza aitiva de GALAXIA no noso desenrolo cultural.

Don Ramón está internado no Sanatorio Álvarez ó coidado do Dr. Sixto. Puxéronlle a tratamento unha tromboflebitis que ven padecendo a consecuencia do vello accidente que tivera na Torre de Hércules cando ingresou na Academia Galega.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

XI

Compostela, 19-IV-61

Querido Ricardo:

Non sei si irás o domingo á Cruña. Si non foras con-
viña que non te esqueceses de enviar a tua delegación,
pois compre asegurar que haxa o número necesario de
votos. Niste caso poden darse bastantes abstencións. Si
vas, os outros dous académicos de Lugo ben podían
delegar en ti.

D. Ramón marchará mañán pra Trasalba. Está moi
ledo porque o Sixto devolveulle bastante capacidade
motora á perna que tiña medio eivada. Agora anda bas-
tante ven. Ás veces dá unhas grandes lancadas pra se
convencer.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

XII

Compostela, 9-V-61

Querido Ricardo:

Xa sei que o domingo estivéstedes ti e máis
Bernardino Graña eiquí na casa. Nós tiñamos saído

para Trasalba pola mañán. O luns voltou o Bernardino pra recoller a copia que estaba no meu poder de “A cabeza tronzada”.

Coido que virías ledos de Vilagarcía. Iles quedaron encantados, pois así mo confirmou onte o Briones. Inda que representa un indudábel sacrificio, compre que vaias tendo de vez en cando un meirande contaito co país, non por satisfacer ningunha cras de vaidade persoal senon porque se trata dunha comenencia xeneral e ouxeitiva.

Mándoche iste recorte dun artigo do Alonso que apareceu hoxe na “NOITE”. O sábado apareceu un “Anaco” do Borobó con algún poema xuvenil de Pondal e falaba de ti. En realidade viña decir que o publicaba pra que ti o leras. Díxenlle o domingo que cho gardara e quedou en facelo. Preguntareille si cho enviou.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

XIII

Compostela, 12-VI-61

Querido Ricardo:

Mándoche este “ANACO” que che adicou Borobó o sábado por se non viches ese día a “Noite”.

Hai días, estando en Vigo, chegou alí a Galaxia o primeiro exemplar do libro. Estíveno ollando e fíxome excelente impresión. Dábame gusto lembrar cando non era máis que un montón de papeles manuscritos ahí na tua casa e agora ollar o libro xa disposto a circular polo mundo.

Tamén vin alí a edición das NENIAS do Aquilino. Quedou ben. Non sei cal é o orde que estableceron os directores de Salnés, pro figúrome que non tardará moito en saír o “Salterio de Fingoy”.

O da Academia semella que evoluciona bastante ben, porque, según me dixeron, o Carré desistirá si nono respaldan os académicos da Cruña, e estes, polo visto, xa lle fixeron saber que nono respaldan, coa única esceición de Banet.

Por eiquí andan os rapaces de “O Galo” moi animados coa exposición de pintura galega nova que organiza-ron no Hostal. Trouxeron a Risco pra inaugurala. Está ben acabadiño. Dá mágoa velo.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

XIV

Compostela, 15-VI-61

Querido Ricardo:

Mádoche iste artigo de Otero Pedrayo encol do teu Pondal. Quizáis o conozas xa. Por si acaso non tes a “Noite” mádocho.

Eiquí os rapaces de “O Galo” orgaizaron unha exposición de pintura galega nova, que se está celebrando no HOSTAL. Pedíronme as tuas señas pra che enviar o catálogo. Están ledos e animados. Dende logo a exposición resulta interesante. Figuran nela dous ferroláns: Segura e Collado. O primeiro é dos milloriños da exposición; o segundo, dos máis vulgares.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

XV

Compostela, 25-VI-61

Querido Carballo:

Mádoche o recorte diste comentario ó teu “Pondal” que aparece no “FARO” de hoxe. Eiquí está o libro nos

escaparates das librerías. Fai moi bonito entre os demais libros. A portada está moi ben. En cambio, a de “Cousas da vida” saíu francamente vulgar.

Xa sabes que na derradeira xuntanza de Galaxia acordouse editar un tomo coas obras de teatro premiadas en Lugo. Eu penso que debería levar un prólogo teu. En fin, xa falaremos deso cando esteñas menos atafegado de traballo.

Por certo que, sin saber que estabas nun intre agoñado, fun responsábel dun pedido que che acaban de facer dende Londres pra o 25 de Xullo. Con todo, por se tratar dun traballo breve e dun tema que ti conoces —a nosa lírica medieval—, coido que non che representará un grave esforzo. Convenlles, eso si, que o envíes antes do día 10. Tamén lle pediron colaboración a Otero Pedrayo e máis a Chamoso.

O Sebastián embarcou o xoves. Vai ledo e animado. Seguro que fará bó papel.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

XVI

Compostela, 3-XI-61

Querido Ricardo:

Hai algún tempo que teño iste recorte pra che enviar. Non creo que teña nada de particular, mais como ti eres un dos poucos que conocen profundamente todo o relacionado con Rosalía ocurriuseme mandarcho.

Teño eiquí o “Salteiro de Fingoy”. Aínda nono puiden ler, porque estou encerellado no Apéndice ó Dicionario de D. Eladio e non me deixa tempo a nada.

Unha forte aperta de

Ramón Piñeiro

XVII

Compostela, 14-XII-61

Sr. Don Ricardo Carballo Calero
LUGO

Querido Ricardo:

Pola tua carta xa vexo que estás moi atafegado de traballo escolar-administrativo. Non deixa de ser boa

pena que teñas que gastar tanto tempo nesas obrigas cotiáns e restarlllo á tua actividade intelectual. Menos mal que o teu abnegado amor a Galicia é máis forte que ises migalleiros e teimosos atrancos de cada día e, con disciplina i heroica tenacidade, vas dándolle cima a un labor cultural de positiva trascendencia. Nise orde de cousas, a tua conduta é esceicionalmente exemplar. Moitas veces o penso e moitas veces o digo. Dende esa tua ermida de Fingoy exerces un calado maxisterio moral na conciencia máis sensible da nosa terra. Boa proba sona os rapaces. Xa ves, cando se lles ocorreu a iniciativa de crear unha Festa da Poesía Galega acudiron espontáneamente a ti en procura de axuda e autoridade. Iles pensan, e fan ben, en consagrar un premio anual á poesía galega que esteña moi por enriba dos concursos locás que máis ou menos rutinariamente se veñen convocando. Queren que seña, sobre todo, un premio prestixioso. Planexaron todo contando contigo como peza esencial. Intuitivamente —varios diles son xóvenes poetas— oriéntanse cara a tua ascética exemplaridade e cara a tua lúcida fondura espiritoal. Esta espontánea e intuitiva inclinación dos rapaces coído que é o máis sutil e xusto homenaxe que se lle podía rendir ó teu calado maxisterio. Pódesmo crer: conmoveume profundamente polo que nil hai de esencial xusticia.

Inda non lle escribín ó Lugrís. Estouche completamente afogado polo Apéndice de D. Eladio, que é cousa endiañadamente enredosa. Arrecadamos máis de tres milleiros de voces que non figuran na obra. Trátase, como ves, dunha importante achega. Pro temos que a preparar e dispoñer con demasiada presa e chega a ser abrumadora.

Hai aínda poucos días que recibín o oficio da Academia comunicándome a designación. Nin tempo tiven de falar cos outros membros da Comisión. Como eu non son un gramático, máis ben asumirei o papel de estimular ós que o son e facerlles algunhas suxerencias nadas do meu coñecemento da lingua. Outra cousa non podo facer.

Polo Nadal faremos unha escapadiña ahí. Como sempre, aproveitarei pra botar unha parrafada longa contigo.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

XVIII

Compostela, 5-I-62

Querido Ricardo:

Recibín a tua carta. Nefeito, contra os propósitos que eu tiña, o 23 tiven que me meter na cama e pasar repouso varios días. Agora vou millor pro con resabios. Sentín ben non poder ir ises días a Lugo, coma todos os anos.

Onte apareceu na “Noite” iste artigo de Tomás Barros. Por si ó millor non mercaches ise xornal, mándocho.

O Paco ven eiquí o día 30. Baixando as escaleiras do Restaurant do Compostela esbarrou, caeu de costas e crebrou unha costela. Istes días está amolado.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

XIX

Compostela, 15 de xaneiro de 1962

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
FINGOY.

Benquerido Ricardo:

Recibín a tua carta do 7 e maila nota sobor da participación pondaliá no homenaxe a Verdaguer. Enviareina a Barcelona en procura de datos que che interesan, incluída a copia da composición. O marqués de Figueroa coido que non terá incomenente ningún en facilitarche ise material que ten. Eu non teño incomenente en llo falar, mais figúraseme que non deixaría de lle gustar que lle pedises ti mesmo o favor, espricándolle do que se trata e citando a Parga. É home moi comprido e moi cortés e, ademáis, acollerá con gran simpatía o proeiro de publicación dos inéditos pondaliáns. Incluso pódéslle decir que queredes facer con Pondal o mesmo que se fixo con Rosalía, pois a edición dos “Inéditos” rosaliáns foi idea que entusiasmou sempre ó marqués, e